



Encadramento e acceso aos graos da carreira profesional horizontal no ámbito do PTXAS. Formación.

Aspectos para ter en conta

O período extraordinario para a acreditación e xustificación de méritos remata o 05/09/2025. SEMPRES a través do modelo normalizado de formulario: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/carreira-horizontal>

Eses méritos avaliados serán os adquiridos ata o 31 de decembro de 2024.

Como acreditar os méritos relacionados con

- titulacións e
- cursos de formación

1. TÍTULOS

Unidade de referencia na USC que introduce os datos das titulacións no expediente administrativo de cada persoa traballadora: Servizo de Xestión de Persoal > sxp@usc.gal

Onde obter os datos formais para xustificar as titulacións?

- Se son universitarias:
<https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=103>
- Se non son universitarias:
<https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=104>

2. CURSOS de Formación

Unidade de referencia na USC que introduce os datos dos cursos/encontros/seminarios e tamén cursos de idiomas e acreditacións, etc. no expediente formativo de cada persoa traballadora: Centro de Formación de persoal cfp@usc.gal formacion.ptxas@usc.gal

Neste caso, debes acreditarlos tal e como se indica no Anexo I da [RR de 18 de xullo pola que se abriu este novo período de acreditación de méritos](#)

ANEXO I

1. A formación que se terá en conta é a que figure no expediente formativo de cada persoa traballadora

- Para comprobar o que xa está incluído, pódese acceder a <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PTXAS> e despois premer en “A miña actividade formativa”

2. Para introducir nova formación no expediente formativo, deberán achegarse os certificados que acrediten a súa realización ao Centro de Formación de Persoal: cfp@usc.gal, seguindo o protocolo habitual:

- se a actividade formativa posúe CSV (Código Seguro de Verificación) que o identifique, directamente a través do rexistro electrónico
- se a actividade formativa non posúe CSV, deberá dirixirse de forma presencial á Oficina de asistencia en materia de Rexistro (Santiago ou Lugo), co certificado en papel orixinal

3. No caso de alegar ausencia de formación, é necesario motivalo, polo que poderá achegar a xustificación no propio formulario de solicitude, con documentación anexa, de ser o caso

4. Calquera outro mérito que desexe engadir, a maiores do alegado inicialmente, e dentro dos contemplados convocatoria do proceso extraordinario de encadramento publicada mediante Resolución reitoral do 15 de xaneiro de 2025, debe indicalo expresamente no formulario normalizado e acompañar a documentación que o acredite.

Xerencia

8 de agosto de 2025